

REGULAMENTO DA IX BTT “OS PICOS DE MAZARICOS”

1. Organización e natureza da proba

O Concello de Mazaricos organiza a IX BTT *Os Picos de Mazaricos*, que terá lugar o domingo 31 de maio de 2026. Esta edición mantén o seu carácter non competitivo, sendo concibida como unha xornada de convivencia e confraternidade para as persoas afeccionadas ao ciclismo de montaña. A saída oficial efectuarase ás 9:30 horas desde a Praza da Picota. A recollida de dorsais será en dita praza desde as 8:30.

2. Inscripción e modalidades

Poderán participar todas aquelas persoas que formalicen a súa inscrición antes do 27 de maio ás 23:59 horas a través da plataforma de CCNorte na seguinte

ligazón:

<https://ccnorte.com/evento/detalle/id/3287/ix-btt-os-picos-de-mazaricos> .A

cota de inscrición establécese en 10 €.

Establécense dous percorridos, deseñados co obxectivo de facilitar a participación de persoas con distintos niveis de preparación física:

- **Ruta longa (aprox. 50 km):** dificultade baixa-moderada, indicada para quen procure un reto sostido sen unha esixencia técnica elevada.
- **Ruta curta (aprox. 40 km):** dificultade baixa-moderada, opción idónea para gozar da paisaxe mazaricá dun xeito máis relaxado.

Ambos os percorridos están abertos á participación tanto con bicicletas convencionais como eléctricas (E-bike), co fin de promover unha participación inclusiva.

3. Servizos ás persoas participantes e clausura

A inscrición garante o dereito a:

- Participación na proba con cobertura de seguro médico.
- Acceso aos puntos de avituallamento ao longo do percorrido.
- Recepción de agasallos conmemorativos e acceso ao servizo gratuíto de lavado de bicicletas.

Clausura gastronómica: ao remate da proba, as persoas participantes poderán gozar dunha ampla oferta de petiscos e bebidas, co obxectivo de repoñer forzas e celebrar a xornada nun ambiente festivo.

4. Recollida de dorsais e seguridade

A entrega de dorsais realizarase no Polideportivo Municipal da Picota o propio día da proba, a partir das 8:30 horas, previa presentación do DNI ou documento acreditativo equivalente.

O uso de casco homologado é estritamente obrigatorio, en cumprimento das normas de seguridade e disciplina do grupo.

5. Circulación e protección do medio ambiente

Aínda que o itinerario discorre maioritariamente por camiños rurais e forestais, existen treitos abertos ao tráfico rodado. As persoas participantes

deberán respectar escrupulosamente a normativa vixente en materia de seguridade viaria.

Así mesmo, exíxese o máximo respecto pola contorna natural, quedando terminantemente prohibido depositar residuos fóra dos espazos habilitados nos puntos de avituallamento.

6. Protección de datos e dereitos de imaxe

Protección de datos (RGPD): en cumprimento do Regulamento Xeral de Protección de Datos, os datos persoais facilitados serán tratados polo Concello de Mazaricos coa finalidade exclusiva de xestionar a organización e a seguridade do evento, sen seren cedidos a terceiros sen o consentimento previo das persoas interesadas.

Dereitos de imaxe: a inscrición na proba implica a autorización á organización para a captación de imaxes (fotografías e vídeos) durante o desenvolvemento do evento, así como para a súa posterior difusión en medios de comunicación e redes sociais municipais, coa finalidade de promover a proba e o deporte no concello.